SPJ SINDICATO PROFESIONAL DE JUSTICIA USO UNIÓN SINDICAL OBRERA Galicia
SINDICATO PROFESIONAL DE XUSTIZA
MAIORITARIO NA XUSTIZA GALEGA
spjusogalicia@gmail.com
spjusogalicia.com

SPJ-USO INFORMA:

HORARIO E CALENDARIO LABORAL 2027

MESA SECTORIAL DO 24/11

SPJ-USO SOLICITA A REDUCCIÓN DE MEDIA HORA NA PARTE FIXA DO HORARIO TANTO NA XORNADA DE INVERNO COMO NA DE VERÁN (CO CORRESPONDENTE AUMENTO NA PARTE FLEXIBLE) E OUTRAS MEDIDAS EN PROL DA CONCILIACIÓN.

Tamén solicitamos:

- **A ampliación da xornada de verán do 1/6 ó 30 de setembro.**
- **Xornada Reducida de Semana Santa e Nadal.**
- **Bolsa de horas.**
- **Dia de asuntos a maiores se o 24 e 31 caen en sábado e son festivo autonómico ou local.**
- **Dia de descanso por gardas de dispoñibilidade.**
- **Posibilidade dos días de asuntos particulares por horas.**
- **Reducción das horas nas prolongacións de xornada.**
- **Mantemento da "media hora de cortesía".**
- **Que o prazo xeral de desfrute de asuntos particulares e vacacións sexa ata o 31-3 de cada ano.**

Dende SPJ-USO queremos deixar claro que **apoiaremos, en todo caso, calquera mellora que se estableza na resolución sobre o calendario laboral da xustiza galega. O noso compromiso prioritario é sempre asegurar e respaldar calquera avance nos dereitos e condicións de todo o persoal.**

Debemos partir da base de que no BOE de 21-9-2026 se publicou a Resolución na que o Ministerio de Xustiza procedeu a regular a duración da xornada xeral de traballo e a xornada en réxime de dedicación especial para o persoal ao servizo da Administración de Xustiza que establece a xornada de **35 horas semanais**. Dende SPJ-USO cremos que **a nosa Comunidade non debe quedarse atrás**, e polo tanto solicitamos melloras, e especialmente as relacionadas coa **Conciliación da vida laboral e familiar.**

SINDICATO PROFESIONAL DE XUSTIZA SPJ-USO. **SINDICATO MAIORITARIO NA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA.**
A CORUÑA: **Roberto** 617685531 - **José Zas** 678473760 **SANTIAGO:** **Manuel Tejada** 654737422
FERROL: **Manu** 678514555 **LUGO:** **Rodrigo** 605739886 **OURENSE:** **Fran** 660450226 - **Alberto** 657124727
PONTEVEDRA: **Nilo** 615496257 **VIGO:** **Julio** 600292730 - **Yoli** 655770994 - **Sol** 687939335
Email xeral para Galicia spjusogalicia@gmail.com **Visita o noso blog** http://spjusogalicia.com

1. **En relación estrictamente ó CALENDARIO LABORAL E HORARIO na Xustiza galega, SPJ-USO SOLICITA A REDUCCIÓN DE MEDIA HORA DA PARTE FIXA DO HORARIO TANTO NA XORNADA DE INVERNO COMO NA DE VERÁN, quedando establecida en resumo a parte fixa en:**

   a. **XORNADA DE INVERNO: 5 HORAS E MEDIA DE parte fixa continuadas e de obrigada presenza e 1 HORA E MEDIA de flexible (total 7 horas diarias, 35 semanais).**

   Estas 5,5 horas de fixo deben respectar o horario de Audiencia Pública de 9 a 14 horas. Dende SPJ-USO defendemos que esa debe ser a única restricción. O horario flexible debe realizarse entre as 7.30 e as 20.00 horas.

   Debe establecerse expresamente no articulado, dado que en todo caso debe velarse pola conciliación da vida laboral e familiar, e para evitar prexuizos ós traballadores con flexibilidade horaria por ter fillos menores, maiores a cargo e demais supostos regulados no art. 37 da Resolución de Permisos e Licenzas de 2024, que, neste caso, a parte fixa do seu horario debe cumprirse entre as 8 e as 15 horas, nos termos actualmente establecidos, pois noutro caso serían perxudicados por esta proposta.

   b. **XORNADA DE VERÁN: 5 HORAS de parte fixa continuadas e de obrigada presenza e 1 HORA E MEDIA de flexible (total 6,5 horas – 32,5 horas semanais).**

O anterior, nos termos solicitados nos diversos escritos presentados por SPJ-USO ó respecto, e previa a correspondente negociación.

